



ACTIVIDADES CULTURAIS NO MES DE NADAL CONCELLO DE PONTECESO

Día mundial da loita contra a SIDA

1 de nadal

O Concello de Ponteceso levará a cabo unha serie de actividades de divulgación e prevención da enfermidade en todo o termo municipal.
Repartirase material informativo e preservativos entre a poboación de risco.

Contacontos da igualdade

5 de Nadal

Os alumnos e alumnas de primaria, de entre 6 a 9 anos do Colexio Público "As Forcadas" de Corme-Porto, participarán nesta actividade cultural que se celebrará ás 16:00h.
Esta actividade está subvencionada polo Servicio Galego da Igualdade e organizada polo Concello de Ponteceso.

Teatro

6 de Nadal

Representación da obra "Menos lobos" da compañía Talía Teatro.
As 22.30h na Asociación Cultural Río Anllóns de Ponteceso.

Inauguración da Fundación "Eduardo Pondal"

13 de nadal

Inauguración das intalacións da Fundación "Eduardo Pondal" na parroquia de Cospindo.
Asistirán ó acto numerosas persoalidades do mundo político, cultural e relixioso.
Na sede da fundación ás 17:00h.

Teatro

13 de nadal

Representación da obra "Circanelo" da compañía Fredi.
As 22.30h na Asociación Cultural Río Anllóns de Ponteceso.

Obradoiro teatral

15 de nadal

Obradoiro teatral, identidade e construción de xénero.
Dirixido a mulleres maiores de 16 anos.
No salón de actos do Concello de Ponteceso ás 16:00h.
Inscripcións a través do correo electrónico adxunto.

Concerto de música clásica para nenos

16 de nadal

O martes 16 de na A.C Río Anllóns, os escolares do concello (As forçadas, Cra e Pondal) asistirán coma tódolos anos ó concerto didáctico de música clásica, que este ano será impartido polo grupo Ancestral.

XIII Certame de corais polifónicas do nadal

20 de nadal

Como todos os anos, en nadal, o Concello organiza un certame de corais polifónicas. Este ano será na Igrexa dos Remedios de Corme-Porto.

Ás 21.00h